

Materia	Tecnoloxía	Curso	2024/25
Profesora	Laura M^a Aneiros	Nivel	4º ESO

UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación	UD 1.- O proxecto tecnolóxico. UD 2.- Deseño e fabricación. UD 3.- Elementos de máquinas, sistemas e robots: electrónica analóxica.
2ª Avaliación	UD 4.- Elementos de máquinas, sistemas e robots: electrónica dixital. UD 5.- Elementos de máquinas, sistemas e robots: pneumática. UD 6.- Automatización e robótica: elementos e programación. UD 7.- Proxecto de Control e robótica: deseño.
3ª Avaliación	UD 7.- Proxecto de Control e robótica: deseño. UD 8.- Proxecto de Control e robótica: construción. UD 9.- Proxecto de Control e robótica: programación e comunicación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Serán os que se recollen no apartado 3.2 da Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia/módulo ao alumnado correspondente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Procedementos de avaliación: tarefas, proxecto e probas.
- Instrumentos de avaliación: táboas de indicadores, táboas de indicadores e probas escritas.
- Peso total de cada instrumento: os concretados para cada UD.

- As tarefas fan referencia ás actividades que se irán propoñendo durante o desenvolvemento das unidades didácticas e que o alumno/a debe realizar e entregar en forma e no prazo establecido a través de Edixgal ou da Aula Virtual. As tarefas que, sen causa xustificada, sexan entregadas fóra de prazo, terán unha cualificación de 0 puntos. A nota das tarefas obtense ponderando cada unha delas segundo o seu grao de complexidade (non todas as actividades terán o mesmo peso sobre a puntuación). Para avaliar as tarefas utilizaranse Táboas de indicadores.

- O proxecto fai referencia ó proxecto de control e robótica que se realizará abordando as unidades 7, 8 e 9. Para avaliar as distintas fases do proxecto utilizaranse Táboas de indicadores.

- As probas escritas consistirán en probas obxectivas que versarán sobre os contidos traballados en clase.

- No caso de detectar ou ter indicios de que algún alumno/a entregou toda ou parte dunha tarefa ou toda ou parte dunha proba obxectiva que non sexa da súa autoría, que para a súa realización empregou medios non permitidos ou plaxiou as doutros compañeiros/as, citada tarefa será cualificada con 0 puntos.

- No caso de non poder impartir todas a unidades didácticas da materia, o peso correspondente ás mesmas repartirase de forma ponderada no resto das que si foron impartidas.

Cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso:

Media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación. A avaliación de cada un dos trimestres terá unha cualificación de 0 a 10 puntos. Para superar a materia será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cálculo da nota final do curso:

NOTA FINAL = 34% 1ªaval + 33% 2ªaval + 33% 3ªaval

O alumnado que na nota final do curso, unha vez aplicadas as correspondentes ponderacións, teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5, terá superada a materia.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

O alumnado cunha cualificación final da avaliación ordinaria inferior a 5 puntos deberá recuperar as avaliacións cunha cualificación inferior a 5, para o cal terá que realizar tarefas e/ou probas obxectivas relacionadas coas unidades didácticas dos trimestres suspensos.

PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non procede.